

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 20/2025). CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIOS CULTURAIS MUNICIPAIS: AUDITORIO GUSTAVO FREIRE, NOVO AUDITORIO E CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE” NO CONCELLO DE LUGO.

- Visto o CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIOS CULTURAIS MUNICIPAIS: AUDITORIO GUSTAVO FREIRE, NOVO AUDITORIO E CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE” NO CONCELLO DE LUGO, ANO 2024, asinado con data 27.12.2024.

- Visto o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.07.2025 de RATIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIOS CULTURAIS MUNICIPAIS: AUDITORIO GUSTAVO FREIRE, NOVO AUDITORIO E CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE NO CONCELLO DE LUGO, ANO 2024.

- Vista a Solicitud da xefa de sección de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Carmen María Fernández López, do 31.07.2025, coa conformidade da responsable da área xestora, de solicitude de tramitación de expediente de modificación orzamentaria, na modalidade de xeración de crédito polo importe de 125.000,00 €.

- Visto o informe de fiscalización previa da Intervención Xeral accidental, Ref.: 237/2025, do 05.08.2025.

Considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 20/2025), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

✓ Xeración de crédito: 125.000,00 €.

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3215558611803324565.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 20-2025

ESTADO DE INGRESOS:Compromisos de ingreso da Deputación Provincial

Concepto	Código proxecto	Importe
46100	25XX00025	125.000,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base ós compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
33000.63200	25XX00025	125.000,00 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.